

## A INTERFERENCIA FONÉTICA NO ESPAÑOL DA CORUÑA. A VOCAL [o] TÓNICA

*Sandra Faginas Souto*<sup>1</sup>  
*Universidade da Coruña*

### 1. Introdución

O propósito da seguinte comunicación é analizar a posible interferencia entre as linguas galega e española, a nivel do vocalismo (en concreto a vocal media [o] tónica en sílaba inicial de palabra) na comunidade de fala da Coruña, sendo o galego a Lingua Fonte e o español a Lingua Obxectivo. Para o estudio desta interferencia recorreremos á *metodoloxía experimental* utilizada en fonética acústica, segundo a cal, e trala elaboración de dous *corpora* lingüísticos procederemos á medición da frecuencia dos dous primeiros formantes da vocal [o] –nas condicións xa expresadas– en oito falantes escolmados de acordo coas variables sociais da idade e a clase.

Non é raro atopar casos de linguas en contacto nos que a lingua –*a priori* menos favorecida– resulta ser a Lf nunha interferencia fonética. Isto é debido principalmente a que, a pesar desta situación de desfavorecemento, adoita ser a lingua inicial da maior parte dos falantes tendo un peso importante na súa fonética. Na Coruña isto ponse de manifesto en que aínda que é unha cidade cun predominio claro de español, moitos dos seus habitantes (gran parte inmigrantes de idade madura e clase media-baixa, e baixa) proceden doutras zonas de Galicia, e tiveron como lingua materna ou inicial o galego, e desta maneira, mantiveron tamén a fonética galega ó pasar ó español (nos casos en que pasaran) e a transmitiron ós seus fillos, a maioría deles españolfalantes, ou bilingües con predominio de español.

Noutros casos débese a que a presenza do galego ata hai uns anos formaba parte da vida cotiá de moitos falantes (mesmo dos monolingües en español), feito que na actualidade non se produce (sobre todo en áreas urbanas e clases medias), por moito que se tentase galeguizar os ámbitos máis formais. O carácter simbólico que foi adquirindo a lingua galega nalgúns terreos non é –como parece evidente– condición suficiente para mantela “viva”, tal e como explica Fernández Rodríguez (1991: 244)

“Aínda que a transmisión familiar é o xeito máis importante de legar a lingua ás xeracións vindeiras, existen outras formas de aprendizaxe natural. Moitos dos membros da miña xeración, socializados basicamente en castelán (...) poden desenvolverse bastante ben nun galego coloquial, sen daren indicios evidentes de que non é a súa lingua primeira. Trátase naturalmente de variedades de galego interferidas se as consideramos desde unha perspectiva

---

<sup>1</sup> R/ Cantábrico, nº 1, 5ºF, c.p. 15002, A Coruña; Tlfno: (981) 20.51.51; E-mail: Sandrafs@arrakis.es

normativizadora, pero cunhas marcas prosódicas específicas e un conxunto de convencións pragmáticas algo distintas das correspondentes ós que o teñen como lingua materna (...) Isto débese a que, pese á primacía do castelán, o galego non estaba ausente do *input* lingüístico como para termos un coñecemento da lingua viva, cando menos, pasivo e fácil de activar se as circunstancias o facían necesario e conveniente. A escasa distancia lingüística fai que aprendizaxes deste tipo non foran excepcionais, polo menos, ata hai poucos anos”.

Este tipo de interferencia fonética está conectada, na nosa opinión, coa propia natureza da situación de contacto lingüístico existente na Coruña, e, en xeral, en toda Galicia. Así, se se considera de modo amplo –e algo simplista– que en Galicia se vive un proceso de substitución lingüística de galego por español é ata certo punto lóxico que a aprendizaxe “incorrecta” desa nova lingua (española) se vexa “contaminada” a nivel estrutural –como é o caso da fonética– por elementos do substrato galego. Este tipo de relación entre o cambio lingüístico e a interferencia fonética aparece descrita por Thomason e Kaufman (1988: 212) do seguinte modo:

“We have also emphasized the need to distinguish between the two main mechanisms of interference in any discussion of contact-induced language change: interference that results from imperfect group learning during a process of language shift, and interference that results from borrowing, by native speakers of a language, of features of some other language with whose speakers they are in contact. The reason for this emphasis is that the results of these two processes differ significantly, in principle and often in historical fact. Specifically, in shift-induced interference lexical diffusion may be negligible, and in any case phonological and syntactic interference will be more substantial than lexical interference, unless, as is sometimes the case, native speakers of the target language borrow features from the language of the shifting population while the shifting population is shifting to the TL. By contrast, lexical diffusion is always first and most extensive in cases of borrowing”.

Segundo o que se desprende do referido por estes autores, o cambio lingüístico – nunha situación de bilingüismo substitutorio– orixina unha grande cantidade de interferencias a nivel estrutural, mentres que noutro tipo de contacto –como pode ser o bilingüismo de mantemento– estas interferencias prodúcense unicamente no léxico. Este sería o caso, por exemplo, daqueles galegofalantes que incorporan a súa lingua un número importante de termos españois, como “jueves”, “Dios”, etc. Pola contra, os español falantes de Galicia, ó ter mudado de lingua, arrastran nesa nova aprendizaxe as raigames fondas do seu substrato lingüístico, isto é, aqueles fenómenos vinculados á súa estrutura.

Este aspecto, de se confirmar, debería afectar en maior medida a aqueles informantes nos que o cambio de lingua foi máis rápido e acusado, é dicir, de acordo cos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG, 1995: 73-78) ós vellos, principalmente os de clase baixa – por ter o galego neste grupo unha presenza máis notable–. Os falantes novos, en cambio, teñen na súa maioría como primeira lingua o español, e por conseguinte, deberían amosar en

menor grao a influencia de substrato galego, se ben o contacto –aínda existente– con esta lingua e a adquisición dun castelán supostamente interferido van influír case con seguridade na súa fonética.

Unha vez explorados tódolos aspectos relacionados co motivo da investigación expoñemos a continuación as hipóteses de traballo. En primeiro lugar, postulamos a influencia do timbre aberto da vocal tónica galega [ɔ] sobre a vocal –tamén tónica– [o] do español da Coruña, en posición inicial de sílaba. En segundo lugar que, a abertura da vocal media posterior tónica do español da Coruña sería máis significativa naqueles informantes nos que a presenza do galego ten sido maior, isto é, e de acordo con datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG, 1995: 73-78) os informantes vellos de clase social baixa. Finalmente, e relacionada coa hipótese anterior, postulamos tamén a aparición dun esquema de diferenciación entre vocais abertas e pechadas [ɔ] - [o] no español da Coruña, de acordo co timbre das correspondentes vocais medias posteriores galegas, naqueles falantes nos que a presenza do galego ten sido maior (vellos de clase baixa).

## 2. Metodoloxía

O estudio destas hipóteses foi desenvolvido, como xa dixemos, de acordo coa *metodoloxía experimental*, segundo a cal, e trala presentación daquelas, foi necesario crear un corpus lingüístico que cumprise os requisitos fundamentais para elaborar os que se ían constituír despois como datos; posteriormente houbo que escolmar os informantes para o cal tivemos en conta as variables sociais da idade (ata 25 e máis de 55 anos) e a clase (alta e baixa). Decidimos escoller un total de oito falantes masculinos (dous de clase baixa novos, dous de clase alta novos, dous de clase baixa vellos e dous de clase alta vellos) –ante a dificultade da lectura dos espectrogramas das mulleres, que responde a cuestións de carácter fisiolóxico– co obxectivo inicial de recoller, polo menos, 45' de gravación en todos eles, o que facía un total de 6 horas. As gravacións foron recollidas do Proxecto de investigación “*Formación de un corpus de lingua hablada en la ciudad de La Coruña*”<sup>2</sup>, que está sendo elaborado por membros do Departamento de *Lingüística Xeral e Teoría da Literatura* da Universidade da Coruña, baixo a dirección do profesor Mauro Andrés Fernández Rodríguez.

---

<sup>2</sup> O Proxecto deste Corpus –aínda sen finalizar– está dividido en dúas partes. A primeira consiste en realizar entrevistas sociolingüísticas sobre unha base de mostra estratificada segundo os parámetros seguintes: clase socio-económico-cultural, idade e sexo, dun mínimo de 120 persoas, cun obxectivo de, polo menos unha hora de gravación por falante. Estas entrevistas (ata a actualidade lévanse realizadas algo máis de 150) están concebidas como conversacións semidirixidas, de acordo co sistema de módulos temáticos que William Labov empregou en Filadelfia. A segunda parte (aínda sen elaborar)

De acordo con isto, este traballo posúe a novidade de ter utilizado como material de análise *fala espontánea*, en oposición a maioría dos estudos realizados en fonética acústica.

Como se desprende das nosas hipóteses necesitabamos en primeiro lugar traballar cun corpus de palabras nas que aparecese a vocal media [o] en posición *tónica*. En segundo lugar, consideramos que para o estudo da interferencia fonética resultaría máis interesante a selección daqueles termos cunha vocal media posterior que en galego común<sup>3</sup> tivese timbre aberto e en español estándar timbre pechado<sup>4</sup>, e outros de novo coa vocal media [o] tónica en posición inicial de sílaba pero con timbre pechado tanto en galego común como en español estándar, pois deste xeito poderíamos definir sen problemas á dirección da interferencia, de aparecer, e cuantificar tamén así o seu grao de actuación. A seguir, presentamos o conxunto de palabras que compoñen estes *corpora*:

1) Palabras con [o] con timbre aberto en galego común e pechado en español estándar: Bloque(s), bote(s), coche(s), copa(s), hora(s), nota(s), odio(s), obra(s), pobre(s), solo(s), sólo.

2) Palabras con [o] con timbre pechado, tanto en galego común como en español estándar: Lona(s), zona(s), todo(s).

Con tódalas gravacións xa seleccionadas e trala configuración do corpus procedeuse á análise acústica das vocais medias posteriores do español da Coruña. Fixéronse espectrogramas de banda ancha utilizando o espectrógrafo de son Computer

Speech Lab, máis coñecido como C.S.L., modelo 4.300 de Kay Elemetrics do *Laboratorio de Fonética* da Universidade da Coruña. Para avaliar o grao de abertura da vocal [o] considerouse, tal e como subliña Martínez Celdrán (1983: 289), a altura relativa de ámbolos dous formantes, se ben en moitas ocasións prestouse especial atención ás frecuencias do F1 e o F2 por separado. En tódolos casos determinouse realizar a medición no punto medio da dirección do formante, xa fose horizontal ou diagonal.

Unha vez que obtivemos os resultados da análise acústica, os cales foron introducidos nunha base de datos, procedeuse ó trasvase de toda esta información a un paquete estatístico de software, en concreto, o SPSS +. Facendo uso deste programa leváronse a cabo as seguintes operacións: calculáronse as medias totais do F1 e o F2 e mediante o método de

---

consiste en delimitar e describir dous estratos sociais ben diferenciados segundo o nivel socio-económico dos seus membros e inserir, en cada un, un observador participante.

<sup>3</sup> Consideramos que en galego non se pode falar dun estándar oral, por iso empregamos o cualificativo “común”, que ben podería ser tamén substituído no noso traballo por galego “occidental”, segundo os bloques ou áreas sinalados para a lingua galega (Fernández Rei, 1990).

<sup>4</sup> Seguimos a teoría de Navarro Tomás (1974: 53, 57-59), segundo a cal existe diferenciación de timbre nas vocais españolas de acordo co entorno fonético no que aparecen.

Análise de Varianza<sup>5</sup>(ANOVA) analizouse a relación entre as variables independentes (clase social e idade) e as dependentes (F1, F2). Esta análise proporciona ademais –entre outros moitos factores– un parámetro, o estatístico F, que permite determinar a significatividade da proba realizada.

### 3. Vocal [o] con timbre aberto en galego común e pechado en español estándar

Na táboa 1.1. especificanse os valores frecuenciais medios do primeiro e segundo formante da vocal [o] nos falantes escolmados.

FORMANTE (Hz)	MEDIA	DESVIACIÓN ESTÁNDAR	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO	Nº. MEDIC.
F1	552	42	432	708	123
F2	1138	164	777	1350	120

Táboa 1.1. *Parámetros estatísticos para a vocal [o]*

Conforme a estes datos, cómpre destacar a elevada frecuencia do F1, en comparación cos resultados acadados para esta mesma vocal en distintos traballos que tiñan como obxecto de estudo o español estándar. Sen embargo o realmente salientable é que esta pronuncia aberta do [o] nos informantes da Coruña chega mesmo a sobrepasar os valores formánticos acadados para a vocal medio-aberta galega na investigación de González e Regueira (1994).

A continuación expóñense no gráfico 3C a comparación entre os distintos valores de frecuencias do primeiro e segundo formante para a vocal [o] no español estándar –datos de Martínez Celdrán (1983: 294) e Álvarez González (1980: 146)– no galego –datos extraídos de González e Regueira<sup>6</sup> (1994)–, e os resultados obtidos nesta investigación para esta mesma vocal (con timbre aberto en galego) no español da Coruña.

<sup>5</sup> A análise de varianza é unha técnica de análise estatístico que permite superar a ambigüidade que se presenta ó estimar diferencias significativas cando se realiza máis dunha comparación. Para un estudio máis completo desta técnica, véxase Runyon e Haber (1987: 276 e ss).

<sup>6</sup> Os datos expostos corresponden só a falantes masculinos, segundo as novas medias frecuenciais que decidimos establecer cos resultados ofrecidos por estes autores no seu estudio, ó non ter separado nos resultados finais os valores frecuenciais obtidos das mulleres e dos homes, e ó non ter aplicado un sistema de normalización que fixera posible esta mestura de datos.




Gráfico 3C. Comparación F1 e F2 vocal [o]

O feito de que os nosos datos confirmen unha maior frecuencia dos formantes –e por conseguinte, unha maior abertura– no [o] do español da Coruña, respecto ós presentados para o [o] galego, fainos pensar que con probabilidade na nosa análise podan estar incidindo varios factores propios da fala espontánea (como veremos máis adiante) que, ó non poder ter sido controlados previamente, “desvirtúan” en certa maneira os resultados. Con todo, ó non dispoñermos de máis datos comparativos para as vocais medias tónicas galegas, sobre todo en análises de fala espontánea, non podemos cuantificar con exactitude a relevancia desta maior abertura no [o] dos nosos informantes.

Na táboa 1.A.<sup>7</sup> expóñense os resultados da Análise de Varianza para esta vocal.

VOCAL [o] (aberta en galego común, pechada en español estándar)	VARIAB	F	GL	P
CLASE SOCIAL	F1	0,376	1	0,541
	F2	0,175	1	0,676
IDADE	F1	0,088	1	0,767
	F2	28,760	1	< 0,001*
CLASE x IDADE	F1	0,266	1	0,607
	F2	2,302	1	0,132

Táboa 1.A. Resultados da ANOVA. Vocal [o]

<sup>7</sup> Nesta táboa expóñense os resultados obtidos da ANOVA. Nela indícase o valor do estatístico F, os Grados de Liberdade (GL) e a Probabilidade (P). Esta última aparece representada cun asterisco cando os resultados foron significativos desde o punto de vista estatístico, isto é, nos casos nos que a probabilidade de erro daqueles foi menor dun 5% (0,05), valor que acostuma ser tomado como referencia nas investigacións das denominadas “ciencias sociais”.

### 3.1. Clase social

No estudio da frecuencia dos valores formánticos da vocal media posterior segundo o nivel social dos falantes (non significativo na análise estatística) non achamos diferencias salientables, senón máis ben unha homoxeneidade na pronuncia do [o], tal e como ilustramos na táboa 1.2.

CLASE SOCIAL	F1 (Hz)	F2 (Hz)
ALTA	555	1110
BAIXA	540	1090

Táboa 1.2. F1 e F2 Vocal [o] segundo clase social

### 3.2. Idade

Esta pouca diferenciación nos valores formánticos da vocal media posterior, segundo a procedencia social do falante, parece ampliarse en relación coa idade. Así, resultan ser os falantes novos os que presentan unha maior abertura (táboa 1.3.) orixinada, sen dúbida, pola alta frecuencia do F2 nestes informantes ( $F=28,760$ ;  $GL=1$ ;  $P=<0,001$ ). A subida considerable deste formante (case 150 Hz por encima do F2 dos falantes vellos) tradúcese nunha pronuncia máis centralizada que, indirectamente, é percibida como máis aberta. Este feito, por outro lado, parece afectar de maneira un pouco máis relevante ós informantes novos de clase alta, tal e como se ve reflexado na táboa 1.4. na que se especifica a interacción entre ámbalas dúas variables independentes, se ben esta non puido ser corroborada na análise estatística.

IDADE	F1 (Hz)	F2 (Hz)
NOVOS	551	1218
VELLOS	553	1072

Táboa 1.3. F1 e F2 Vocal [o] segundo idade

		NOVOS	VELLOS
CLASE ALTA	F1	557	554
	F2	1257	1058
CLASE BAIXA	F1	547	553
	F2	1197	1083

Táboa 1.4. F1 e F2 Vocal [o] interacción entre clase social e idade

Esta elevación na frecuencia dos formantes (ou maior abertura) na vocal [o] nos falantes novos, e en concreto os de clase alta, podería estar vinculada, ó noso entender, coa existencia nestes falantes dunhas peculiares marcas fonéticas características de determinadas variedades de fala xuvenil da Coruña que afectan á abertura vocálica, tal e como explicamos no seguinte apartado.

#### **4. Marcas fonéticas peculiares nos falantes**

Como vimos subliñando reiteradamente na avaliación dos resultados acadados, consideramos que a maior abertura da vocal media posterior nos falantes novos non é debida unicamente á influencia do timbre da vocal galega [ɔ], senón que, na nosa opinión, está relacionada cunha serie de factores como a *pronuncia enfática* e as *variedades de fala xuvenil*. Así, en case todos estes informantes atopamos moitos exemplos nos que a elevación dos formantes era debida a unha pronuncia moi expresiva ou enfática que está caracterizada por un “xesto” articulatorio distinto que favorece a abertura vocálica. Unido a este factor, e relacionado moi estreitamente con el, habería que ter en conta o propio xénero discursivo das entrevistas, pois naquelas nas que abundan as narrativas achamos un número moi elevado deste tipo de realizacións enfáticas.

Por outro lado, detectamos tamén –en tres dos catro falantes novos (dous de clase alta e un de clase baixa)– a existencia de marcas fonéticas duns tipos de fala xuvenís características de determinados grupos urbanos da cidade da Coruña. Desta maneira, no caso de A1H32 estamos ante un claro exemplo do que comunmente se denomina acento “pijo”, mentres que B1H21 e A1H21 adscribíense, sobre todo o primeiro, o que calificamos como “cheli coruñés”.

A peculiar pronuncia das vocais en calquera deste tipo de variedades de fala caracterízase, segundo as nosas observacións, por un timbre máis aberto, producido probablemente tamén por un peculiar “xesto” articulatorio. A modo de exemplo da actuación destes factores ofrecemos os valores formánticos da vocal [o] na palabra “notas” no contexto “Empezó un notas en plan borracho” (obsérvese o peculiar significado da palabra “notas” neste contexto) correspondente ó falante novo de clase baixa B1H21. Os valores dos formantes foron: F1=708, F2=1261.

De acordo co ata aquí expresado, pódese afirmar ad cautelam que, en xeral, existe unha certa homoxeneidade na pronuncia da vocal media posterior con timbre aberto e pechado en español estándar. Esta menor diferenciación nos graos de abertura da vocal nos

falantes seleccionados podería tamén ser debida ó pouco espazo existente no tracto vocal para a articulación das vocais posteriores, feito que impide establecer grandes distincións na frecuencia do primeiro formante, tal e como se aprecia en calquera triángulo vocálico.

Por este motivo, a maioría das variacións na pronuncia do [o] (aberto en galego común e pechado en español estándar) aparecen relacionadas co F2, que indica a maior ou menor anterioridade e posterioridade da vocal. Así, a diferenza das realizacións nos informantes vellos e novos ven subliñada por unha pronuncia máis centralizada nos segundos, a causa da elevación do F2, o que provoca que sexa percibida como máis aberta.

### 5. Vocal [o] con timbre pechado en español estándar e galego común

Na táboa 1.5 vense os valores medios da frecuencia do F1 e o F2 correspondentes a vocal [o] con timbre pechado tanto en galego común como en español estándar.

FORMANTE (Hz)	MEDIA	DESVIACIÓN ESTÁNDAR	VALOR MÍNIMO	VALOR MÁXIMO	Nº. MEDIC.
F1	519	40	414	656	180
F2	1089	92	916	1313	180

Táboa 1.5. *Parámetros estatísticos de [o]*

Conforme a estes resultados, pode observarse que a media dos formantes desta vocal descende de xeito considerable (sobre todo no F1) en comparación cos valores formánticos expostos no apartado anterior para [o] do español da Coruña, con timbre aberto en galego e pechado en español estándar (gráfico 3C). Sen embargo, ese peche non chega a acadar os límites do [o] galego, polo que malia ese descenso salientable do F1, a pronuncia do [o] nos informantes da Coruña segue sendo máis aberta que a realización da vocal media posterior pechada galega, e do [o] do español estándar. A continuación ilustramos no gráfico (3D) estas diferencias:




Gráfico 3D. Comparación F1 e F2 vocal [o]

A diminución da frecuencia dos formantes, en especial do primeiro, afecta de xeito distinto ós falantes, segundo as variables independentes estudadas. Así, son os informantes vellos de clase baixa os que presentan unha pronuncia máis pechada, segundo veremos nos apartados seguintes.

Na táboa 1.B. expóñense os resultados da Análise de Varianza para a vocal [o] (con timbre pechado en galego común e español estándar).

VOCAL [o] (pechada en galego común, pechada en español estándar)	VARIAB.	F	GL	P
CLASE	F1	19,065	1	< 0,001*
	F2	0,309	1	0,579
IDADE	F1	37,382	1	< 0,001*
	F2	29,433	1	< 0,001*
CLASE x IDADE	F1	13,641	1	0,002*
	F2	0,290	1	0,591

Táboa 1.B. Resultados da ANOVA na vocal [o]

### 5.1. Clase social

Na táboa 1.6., pódese apreciar unha considerable diferenciación na pronuncia do [o] (pechado en galego común e español estándar) nos falantes escolmados, dependendo da súa clase social. No caso dos informantes de nivel social baixo, atopamos un [o] moito máis pechado e posterior, de acordo coa diminución do F1 e o F2, respecto ós falantes de clase alta.

Esta diferenca na realización do [o] en relación coa clase social dos informantes conséntase nos resultados da ANOVA para o F1 ( $F = 19,065$ ;  $GL=1$ ;  $P \ll 0,001$ ).

Se ben no caso da pronuncia do [o] (con timbre aberto en galego) observamos unha maior homoxeneidade en tódolos falantes, fose cal fose a súa procedencia social, (táboa 1.2.) isto non sucede na realización do [o] (con timbre pechado en galego); posto que, segundo anunciamos no párrafo anterior, conséntase unha diferenca de timbre nestas dúas vocais, nos falantes de clase baixa, nos que a pegada da fonética galega parece ser maior.

CLASE SOCIAL	F1 (Hz)	F2 (Hz)
ALTA	533	1129
BAIXA	502	1049

Táboa 1.6. *F1 e F2 Vocal [o] segundo clase social*

## 5.2. Idade

No caso da idade ( $F = 37,382$ ;  $GL = 1$ ;  $P = <0,001$ ;  $F = 29,433$ ;  $GL=1$ ;  $P = <0,001$ ) a diferenciación na pronuncia que explicabamos no apartado anterior en relación coa clase social dos falantes, é, se cabe, máis acentuada. Resultando ser os informantes vellos os que realizan un [o] cun timbre máis pechado (táboa 1.7.), e sendo, polo tanto, os que presentan unha maior distinción no timbre desta vocal media posterior, de acordo coa oposición [ɔ] - [o] do galego, tal e como se observa na comparación das táboas 1.7. e 1.3.

IDADE	F1 (Hz)	F2 (Hz)
NOVOS	538	1194
VELLOS	500	984

Táboa 1.7. *F1 e F2 Vocal [o] segundo idade*

A interacción entre a clase social e a idade resulta significativa estatisticamente se consideramos a variable dependente F1 ( $F = 13,641$ ;  $G = 1$ ;  $P = 0,002$ ) que, segundo vemos na táboa 1.8., presenta unha frecuencia moito máis baixa nos falantes de maior idade – principalmente os de clase baixa– seguidos dos novos de clase baixa e clase alta respectivamente. O feito de que sexan os falantes vellos os que realicen un [o] máis pechado, lévanos a considerar que nestes falantes a actuación da interferencia é bastante intensa, xa que se comparamos os valores frecuenciais desta vocal posterior, cos do [o] analizado no apartado anterior (táboas 1.8, 1.4.) parece constatarase nestes falantes unha diferenciación no timbre vocálico análoga á da lingua galega.

		NOVOS	VELLOS
CLASE ALTA	F1	550	506
	F2	1252	1032
CLASE BAIXA	F1	514	496
	F2	1168	956

Táboa 1.8. *F1 e F2 Vocal [o] interacción entre clase social e idade*

## 6. Conclusións

Antes de comezar a facer unha valoración dos resultados acadados cómpre subliñar unha vez máis as dificultades xurdidas ó longo da investigación que atenden principalmente o feito de ter traballado con *fala espontánea*, posto que de aí se deriva a aparición de fenómenos relacionados con esta, como as variedades de fala xuvenil, a énfase aparecida preferentemente nas estruturas narrativas, etc. En segundo lugar, temos que salienta que o total de falantes escolmados –oito– aínda que é un número máis que suficiente para calquera análise acústica, resulta ser escaso para establecer conclusións detalladas en investigacións de carácter sociolingüístico. Sen embargo, o obxectivo inicial das nosas hipóteses tiña como finalidade última subliñar posibles *tendencias* da pronuncia dos falantes seleccionados de acordo con dúas variables sociais. Por este motivo, cremos que, malia non ter un número amplo de informantes, existen certas características na pronuncia dos falantes da Coruña escolmados que poden ser indicativas da actuación da interferencia fonética postulada ó comezo deste traballo.

De acordo con isto, pódese concluír que, existen diferencias importantes na realización da vocal [o] segundo o seu timbre no galego sobre todo nos falantes vellos de clase social baixa, seguidos, así mesmo, dos vellos de clase alta, os novos de clase baixa, e os novos de clase alta. Resulta ser, polo tanto, máis relevante á hora de establecer estas variacións de timbre o feito de pertencer a un determinado grupo de idade que a unha das clases sociais. Con todo as diferencias na pronuncia entre un [o] (aberto en galego) e un [o] (pechado en galego) son practicamente as mesmas nos falantes vellos de clase alta e os novos de clase baixa.

A distinción do timbre da vocal posterior a penas aparece nos falantes novos, sexan de calquera clase social, o que parece confirmar a nosa subhipótese sobre a interferencia. O feito de que, por un lado, na actualidade se reduza a presenza do galego como lingua habitual nos falantes novos da Coruña, unido á progresiva perda –ás veces ausencia– da diferenciación no

timbre en moitos falantes de galego (principalmente nesa nova variedade de galego urbano que se está a crear) provoca, ó noso entender, esta homoxeneidade na pronuncia das vocais medias nestes informantes que, se ben non manteñen a diferenciación entre abertas e pechadas presentan, en cambio, unhas realizacións destas vocais medias –en posición inicial de sílaba– bastante abertas. Esta abertura vocálica atopada nos falantes vellos e mesmo nos novos constata que, na actualidade, esta peculiaridade do timbre constitúe unha característica intrínseca a variedade de español falado na Coruña.

Por todo isto, podemos dar por confirmadas *ad cautelam* case a totalidade das nosas hipóteses, se ben fíxose imposible determinar con exactitude se a abertura vocálica aparecida nos falantes novos era debida unicamente a influencia da vocal medio-aberta galega, posto que a aparición de peculiaridades na fala dalgún dos nosos informantes puido ter incidido, case con seguridade, nos resultados finais.

### Referencias bibliográficas

- Álvarez González, J.A. (1980), *Vocalismo español y vocalismo inglés*, Madrid, Ed. Universidade Complutense.
- Fernández Rei, F. (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Ed. Xerais de Galicia.
- Fernández Rodríguez, M.A. (1991), “Coordenadas sociais e dinámica do bilingüismo galego”, *Grial* 110, 239-62.
- Fernández Rodríguez, M.A., M. Rodríguez Neira (coords.) (1994), *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (I volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia), A Coruña, Real Academia Galega.
- (1995), *Usos lingüísticos en Galicia* (Compendio do II volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia), A Coruña, Real Academia Galega.
- González González, M., X.L. Regueira (1994), “Estudio acústico das vocais tónicas galegas en posición fonética normal” en R. Lorenzo (ed), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas (Santiago de Compostela, 1989)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa VI, 141-80.
- Navarro Tomás, T. (1974), *Manual de pronunciación española* (18º ed.), Madrid, CSIC.
- Martínez Celdrán, E. (1983), *Fonética*, Barcelona, Ed. Teide.
- Runyon, R.P., A. Haber (1987), *Estadística para las ciencias sociales*, Wilmington, Delaware, E.U.A. Addison-Wesley Iberoamericana, S.A.
- Thomason, S.G., T. Kaufman (1988), *Language contact, creolization and genetic languages*, Berkeley / Londres, University of California Press.
- Quilis, A. (1993), *Tratado de fonología y fonética españolas*, Madrid, Ed. Gredos.